Nese compromiso que ten o Goberno galego cómpre que todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, traballen a reo para que accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía sexa unha realidade. Este Goberno continuará realizando os seus esforzos nese senso.

No que respecta ao problema de accesibilidade no Concello de Abadín, a Xunta de Galicia, a través da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Política Social, remitiu sendos requerimentos para que o Concello, titular da vía pública e por tanto competente para executar a obra, proceda canto antes á subsanación dos efectos negativos das obras realizadas que imposibilitan a unha persoa con discapacidade o acceso a súa vivenda no lugar de Coto na parroquia de Abeledo.

Dita Comisión Técnica reúnese en función da entrada de peticións, celebrándose a última reunión en xuño do 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:57:14
Nº Rexistro: 54327
Data envío: 28/08/2019 10:57:14.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:57:10

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 47882** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“a posible autorización por parte do Goberno galego do uso privado do albergue xuvenil de Gandarío para realizar, o día 23 de marzo, un xantar homenaxe aos concelleiros dun partido político de Bergondo”**, (publicada no BOPG número 450 do 27 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O albergue xuvenil de Gandarío recibe durante todo o ano múltiples solicitudes de entidades, tanto públicas como privadas, para a realización de actividades na instalación, que levan aparellado o correspondente prezo privado, segundo o tipo de actividade, de acordo coa Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e a expedición de carnés dirixidos á mocidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O 16 de xaneiro de 2019 recíbese, na conta de correo electrónico do albergue, solicitude da presidenta do Partido Popular de Bergondo para a realización dunha convivencia, xunto co xustificante do abono do prezo privado establecido para a realización de actividade recreativa-cultural (convivencia) para o día 23 de marzo. Por parte da instalación se comproba que o prezo aboado é o que corresponde segundo a citada Orde de prezos en función do número de asistentes previstos e unha vez comprobado que é o correcto, e que non interfere con ningunha outra



ocupación no albergue, a dirección da instalación autoriza a ocupación para ese día, facilitando unicamente o uso dos espazos solicitados para a realización da convivencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:56:35
Nº Rexistro: 54322
Data envío: 28/08/2019 10:56:35.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:56:31

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 48291** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do grao de incidencia da soidade non desexada en Galicia, o número de persoas que se poden ver afectadas e as medidas concretas que se van poñer en marcha na X lexislatura para previla e abordala”**, (publicada no BOPG número 455 do 3 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Á Xunta de Galicia preocúpalle moito que haxa persoas maiores que viven soas sen desexalo. E por iso dende a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade, traballamos para minimizar os efectos deste fenómeno. A loita contra a soidade vai aparelada ao que chamamos envellecemento activo.

O traballo das administracións debe centrarse en darlles ás persoas maiores alternativas para o seu tempo libre desde o ocio ata a acción voluntaria.



Así, neste ano 2019 arranca o *Voluntariado Sénior*, un programa pioneiro para fomentar que as persoas maiores de 55 anos se incorporen ao voluntariado nos campos que lles interesen:

- A promoción do Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021.
- A recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas.
- A posta en valor dos seus coñecementos e experiencia.

Paralelamente, tamén continuamos con programas que xa teñen unha ampla traxectoria e que esperan con moito interese moitas persoas maiores:

-*Benestar en balnearios e talasos*, que pon máis de 1.000 prazas ao longo de toda Galicia á súa disposición.

-*Xuntos polo Nadal*, que congrega cada ano a 260 persoas nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño nesas datas tan especiais.

Ademais, as persoas maiores que viven soas e necesitan apoio tamén contan con programas que atenden ás súas necesidades específicas:

-Así, no ano 2018, puxemos en marcha o *Acompaño*, un programa de voluntariado dirixido a solventar a necesidade de compañía e atención das persoas autónomas, maiores de 65 anos, que voluntariamente deciden vivir soas nos seus fogares.

-Para garantir que as persoas maiores contan cada día con comida sa e equilibrada na súa mesa, existe o programa *Xantar na casa*, un programa moi exitoso e que reforzamos ao longo destes dez anos.

-Existen servizos de atención a domicilio das persoas maiores como o *Servizo de Axuda no Fogar*, un programa no que somos unha referencia en toda España.

-Por outra parte, a Xunta de Galicia pon a tecnoloxía ao servizo das persoas maiores que viven soas co programa de *Teleasistencia*, que xestiona a Cruz Vermella e que permite que máis de 5.700 persoas maiores contan con apoio profesional 24 horas cando se sintan inseguros, sós ou teñan calquera accidente.



-O programa *Convive*, de acollemento familiar de persoas maiores, facilita a integración de persoas maiores e persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% no seo dunha familia alternativa para que atenda as necesidades derivadas da súa idade ou dependencia.

No ano 2018 atendéronse a un total de 98 persoas maiores e 11 persoas con discapacidade.

A valoración do Goberno galego deste programa é positiva, pois se trata dunha alternativa máis que complementa os servizos de atención aos maiores que ten a Xunta de Galicia.

Tamén podemos sinalar, as *Casas do Maior*, un servizo pioneiro que impulsa a Xunta de Galicia para ofrecer un recurso de atención ás persoas que superan os 60 anos de idade e que residen en municipios do rural. Estas Casas están destinadas a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada ou severa, é dicir, graos I e II. En cada unha delas recibirá atención gratuíta un mínimo de dúas persoas e a un máximo de cinco.

Un dos principais obxectivos que procura a Xunta con este innovador programa é que as persoas maiores poidan permanecer na súa contorna e evitar así o distanciamento do lugar ou parroquia na que vive e teñen o seu círculo familiar e de amizades.

O Goberno galego é plenamente consciente de que non só hai que buscar o benestar físico das persoas maiores, senón que hai que cubrir as súas necesidades psíquicas, de calidade emocional, de relacións persoais. Polo todo isto, durante a X lexislatura vaise elaborar un informe en colaboración coa Fegamp, que incluírá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia, que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade non desexada na nosa comunidade.

Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborárase unha



Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:52:54
Nº Rexistro: 54304
Data envío: 28/08/2019 10:52:54.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:52:50

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 49004** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Política Social para non levar a cabo a reunión solicitada polo colectivo de profesionais do Colexio de Educación Social de Galicia, o procedemento previsto polo Goberno galego para a súa consolidación laboral e as medidas que vai adoptar para o recoñecemento dos seus dereitos e evitar a convocatoria de folga anunciada”** (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre indicar que o pasado día 28 de maio do 2019, a Conselleira de Política Social reuniuse con representantes do CEESG e atendeu ás inquiredanzas do colectivo.

Por outra banda, o 19 de xullo de 2018 a Consellería de Política Social solicitou ao o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e á Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, que informaran se o exercicio da profesión de educador/a social estaría encadrada dentro do catálogo de profesións que esixen estar en posesión dunha titulación específica que as habilite para o exercicio da dita profesión.



O 20 de xullo de 2018, o RUCT contesta enviando o catálogo de profesións que necesitan dun título universitario específico que habilite aos traballadores para exercelas. No dito catálogo non aparece a titulación de educador/a social.

Unha vez recibida a contestación por parte do RUCT, e constatado que a profesión de educador/a non é unha profesión regulada, isto é, non se encadra en ningunha das profesións reguladas en España para oficios especializados, consultamos de novo esta cuestión á asesoría xurídica da Consellería de Política Social.

A asesoría indicou que en relación coas competencias profesionais para o exercicio das distintas actividades, tanto o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, como Tribunal Supremo e o Tribunal de Recursos Contractuais manteñen a mesma liña xurisprudencial: *non debe establecerse unha exclusividade e monopolio competencial en favor dunha titulación específica senón que debe prevalecer o principio de 'liberdade con idoneidade' que ampare un nivel de coñecementos técnicos que se correspondan coa clase e categoría das actividades que se deben desenvolver.*

Por outro lado, nos pregos de prescricións técnicas recóllese que as funcións de educador social requirirán estar en posesión dunha titulación universitaria media, superior ou de grao en materias propias ou relacionadas coa intervención educativa ou social.

Cómpre ter en conta que o convenio sectorial de aplicación en todas aquelas empresas, entidades, centros, programas e servizos que se derivan da aplicación da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, como é o caso que aquí nos ocupa, é o *III Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores*, publicado no BOE núm. 283, do 23 de novembro de 2018.

No anexo 1 do dito convenio figura o posto de traballado denominado educador/a social, que require para o seu desempeño estar en posesión da titulación de grao en educación social ou habilitación. E na disposición final primeira do dito convenio



declárase a extinguir o posto de traballo de educador que pasa a denominarse educador social.

Tendo en conta o anterior, nos procesos de contratación da Consellería de Política Social, inclúese na letra “L” do cadro de características *Condicións Especiais de Execución do Contrato*, o artigo 202 da LCSP -“cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables”- que as novas contratacións que leve a cabo a entidade adxudicataria deberán adecuarse ao establecido no dito convenio, é dicir, as novas contratacións deberán ser para persoal que teña este requisito de titulación específica, permitindo a subcontratación de persoal que non cumpra este requisito consonte á disposición transitoria quinta do citado convenio, que indica:

Aqueles traballadores que estando contratados coa denominación Educador e teñan a titulación de grao ou habilitación como Educadores Sociais serán reconvertidos ao devandito posto de traballo.

Aqueles traballadores que posúen a categoría profesional de Educador ou viñesen desempeñando as funcións principais asignadas á devandita categoría terán garantidos os seus postos de traballo nas súas entidades, mantendo as mesmas condicións, funcións e retribucións consignadas para o posto de Educador Social, tanto actual como futuro. Así mesmo, poderán ser obxecto de subrogación nos termos previstos no presente Convenio Colectivo.

A relación laboral destes traballadores/ as non poderá extinguirse con motivo deste cambio de categoría, salvo imperativo legal ou esixencia da administración pública a través dos pregos de condicións de xestión ou outra normativa vinculada ao contrato, concerto, subvención ou calquera outra fórmula legal de contratación de centros, programas ou recursos do sector de menores.

As organizacións asinantes deste Convenio Marco Estatal comprométense ao mantemento dos devanditos postos de traballos, que se irán substituíndo progresivamente pola categoría de Educador Social por amortización de postos de traballo cando concorran causas obxectivas.



Deste xeito cúmprese coa reivindicación do Colexio de educadores sociais, xa que as novas contratacións serán para persoal titulado en educación social, pero garantindo o mantemento do posto de traballo das persoas que o viñan desenvolvendo con anterioridade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:51:11
Nº Rexistro: 54289
Data envío: 28/08/2019 10:51:11.185

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:51:07

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 49136** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da demora que presenta a valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra”** (publicada no BOPG número 465 do 23 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos ás respostas facilitadas pola Conselleira de Política Social ás preguntas orais en pleno cos número de rexistro 49160 e 49137 sobre o mesmo tema, e que foron substanciadas na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o 8 de maio de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=8038>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:49:56
Nº Rexistro: 54280
Data envío: 28/08/2019 10:49:56.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:49:52

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 49159** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade”** (publicada no BOPG número 465 do 23 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos ás respostas facilitadas pola Conselleira de Política Social ás preguntas orais en pleno cos número de rexistro 49160 e 49137 sobre o mesmo tema, e que foron substanciadas na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o 8 de maio de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=8038>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:49:48
Nº Rexistro: 54279
Data envío: 28/08/2019 10:49:48.201

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:49:44

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 11:00:09
Nº Rexistro: 54349
Data envío: 28/08/2019 11:00:09.920
Data 28/08/2019 11:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 47342** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á transferencia á empresa Ferroatlántica da concesión de aproveitamentos hidroeléctricos e a segregación das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaleacións”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 47343 que tivo lugar na sesión plenaria do 12 de xuño de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=5e197c67-db57-4884-8e4b-b7e18ac685c7&start=919>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 11:00:09
Nº Rexistro: 54349
Data envío: 28/08/2019 11:00:09.920

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 11:00:06

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49398** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona Sandra Vázquez Domínguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do programa Innova Peme, de axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas co fin de apoiar o financiamento de actividades integradas en plans de innovación”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo desta liña de axudas é desenvolver ou incrementar a capacidade innovadora daquelas empresas que xa teñen ou comezan a ter un desempeño innovador, pero que precisan apoio para sistematizalo, potencialo ou desenvolvelo e, deste xeito, lanzar novos produtos ou servizos ou mellorar os seus procesos.

A través da primeira edición do programa InnovaPeme apoiáronse 49 plans de innovación cun orzamento de 4,7 millóns de euros que están a mobilizar 9,5 millóns.

Das axudas recibidas o 45% destináronse a pequenas empresas, o 33% a microempresas e o 22% restante a medianas empresas. Unha de cada catro axudas recaeron no sector TIC e o 90% dos plans incorporan a colaboración dalgún organismo de investigación con sede en Galicia.

En canto ao emprego, as axudas concedidas están a permitir o mantemento ou creación de 263 postos de traballo e a participación de 167 empresas proveedoras. Ademais, a metade das empresas beneficiarias nunca tiñan recibido unha axuda da



Axencia Galega de Innovación, polo que este apoio actúa como primeiro chanzo cara a consolidación como empresa innovadora.

A través da 2ª convocatoria, apoiáronse a 37 pemes galegas, cunha axuda pública que supera os 2,75M€ e que permitiu unha mobilización de 5,5 M€.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:48:03
Nº Rexistro: 54266
Data envío: 28/08/2019 10:48:03.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:47:59

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 11:01:16
Nº Rexistro: 54357
Data envío: 28/08/2019 11:01:16.013
Data 28/08/2019 11:01

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 47058** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a poboación do cervo nalgúnhas zonas de Galicia como a de Monfero, Aranga e Irixoa e o alcance dos danos que ocasiona na actividade agrogandeira, así como as previsións do Goberno galego respecto da inclusión desta especie nas axudas para a prevención e compensación dos danos provocados pola fauna salvaxe”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos concellos de Monfero, Aranga e Irixoa está constatada a presenza dunha pequena poboación de cervos. Con todo, non constan denuncias de danos ocasionados por esta especie.

Na orde correspondente a 2016 inclúese a posibilidade de que se puidesen solicitar axudas para previr danos ocasionados polas distintas especies da fauna silvestre. Cómpre destacar que das 1.113 solicitudes ningunha correspondeu a danos ocasionados polo cervo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 11:01:16
Nº Rexistro: 54357
Data envío: 28/08/2019 11:01:16.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 11:01:11

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 47443**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á incidencia que vai ter a avespa velutina durante a primavera, a avaliación que fai do impacto das medidas aplicadas para a súa eliminación e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 444, do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten en marcha un plan integral de loita contra a vespa velutina no que participan diferentes departamentos da Xunta, de xeito coordinado, máis dun cento de concellos e a comunidade investigadora.

Traballamos arreo para facer fronte a este insecto, como o demostran as seguintes cifras:

- No que vai de ano retiramos ou inactivamos máis de 6.700 niños en toda Galicia.
- Neste mesmo ano repartíronse case 12.717 trampas, máis de 5.000 botes de líquido atraente e máis de 71.200 monodoses. Este material repartíuse á totalidade dos apicultores de Galicia.

Pero ademais, a Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Este ano a contía para ditas achegas supera os 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

Doutra banda, tamén cómpre sinalar que Medio Rural destina uns 300.000 euros aos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para financiar parte das tarefas de retirada e eliminación de niños de velutina.



Por outra banda, engadir que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda participa no proxecto 'Interreg Atlantic Area: Atlantic POSitiVE (Vespa velutina)', que ten como obxectivo principal contribuír á preservación dos servizos de polinización a través do desenvolvemento de métodos conxuntos para o control desta especie. A execución deste proxecto esténdese ata o ano 2021.

O enfoque transnacional é un aspecto chave fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Este proxecto promove a colaboración entre organizacións académicas, administrativas, produtivas e sociais incluíndo a cooperación cos xerentes das áreas naturais e o sector apícola, como principais implicados no deseño e implementación das ferramentas que se xeren no proxecto.

Ademais, o Goberno galego conta cun protocolo específico de vixilancia e control fronte á avespa asiática no que colaboran departamentos da administración autonómica e local, así como representantes do sector apícola. E no que tamén intervén a cidadanía en xeral no ámbito da detección de individuos ou de niños desta vespa.

Así mesmo, no marco do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e as universidades de Vigo e Santiago de Compostela tense avanzado no estudo do comportamento, hábitat e impacto nos ecosistemas de vespa velutina".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:59:21
Nº Rexistro: 54343
Data envío: 28/08/2019 10:59:21.810

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:59:18

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:58:02
Nº Rexistro: 54333

Data envío: 28/08/2019 10:58:02.701

Data 28/08/2019 10:57

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 47597**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e o prazo estimado pola Xunta de Galicia para a cobertura dos postos de traballo previstos na Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural para a Oficina Agraria Comarcal de Lugo”**, (publicada no BOPG número 446, do 21 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

Esta iniciativa xa foi respondida polo Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, na pasada Comisión 7ª celebrada o 19 de xuño do 2019, ao contestar a iniciativa 47947.

pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-06-19?part=550be925-0c39-49c3-9c95-7a8129351533&start=9209>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:58:02
Nº Rexistro: 54333
Data envío: 28/08/2019 10:58:02.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:57:58

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 48671**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa praga da avespa “velutina”**”, (publicada no BOPG número 458, do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten en marcha un plan integral de loita contra a vespa velutina no que participan diferentes departamentos da Xunta, de xeito coordinado, máis dun cento de concellos e a comunidade investigadora.

Traballamos arreo para facer fronte a este insecto, como o demostran as seguintes cifras:

- No que vai de ano retiramos ou inactivamos máis de 6.700 niños en toda Galicia.
- Neste mesmo ano repartíronse case 12.717 trampas, máis de 5.000 botes de líquido atraente e máis de 71.200 monodoses. Este material repartíuse á totalidade dos apicultores de Galicia.

Pero ademais, a Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Este ano a contía para ditas achegas supera os 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

Doutra banda, tamén cómpre sinalar que Medio Rural destina uns 300.000 euros aos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para financiar parte das tarefas de retirada e eliminación de niños de velutina.



Por outra banda, engadir que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda participa no proxecto 'Interreg Atlantic Area: Atlantic POSitiVE (Vespa velutina)', que ten como obxectivo principal contribuír á preservación dos servizos de polinización a través do desenvolvemento de métodos conxuntos para o control desta especie. A execución deste proxecto esténdese ata o ano 2021.

O enfoque transnacional é un aspecto chave fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Este proxecto promove a colaboración entre organizacións académicas, administrativas, produtivas e sociais incluíndo a cooperación cos xerentes das áreas naturais e o sector apícola, como principais implicados no deseño e implementación das ferramentas que se xeren no proxecto.

Ademais, o Goberno galego conta cun protocolo específico de vixilancia e control fronte á avespa asiática no que colaboran departamentos da administración autonómica e local, así como representantes do sector apícola. E no que tamén intervén a cidadanía en xeral no ámbito da detección de individuos ou de niños desta vespa.

Así mesmo, no marco do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e as universidades de Vigo e Santiago de Compostela tense avanzado no estudo do comportamento, hábitat e impacto nos ecosistemas de vespa velutina".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:51:58
Nº Rexistro: 54295
Data envío: 28/08/2019 10:51:58.732

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:51:54

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 48690**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás liñas de investigación que se están a desenvolver na actualidade en relación co tártago de patas amarelas e os logros acadados”**, (publicada no BOPG número 458, do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten en marcha un plan integral de loita contra a vespa velutina no que participan diferentes departamentos da Xunta, de xeito coordinado, máis dun cento de concellos e a comunidade investigadora.

Traballamos arreo para facer fronte a este insecto, como o demostran as seguintes cifras:

- No que vai de ano retiramos ou inactivamos máis de 6.700 niños en toda Galicia.
- Neste mesmo ano repartíronse case 12.717 trampas, máis de 5.000 botes de líquido atraente e máis de 71.200 monodoses. Este material repartiuse á totalidade dos apicultores de Galicia.

Pero ademais, a Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Este ano a contía para ditas achegas supera os 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

Doutra banda, tamén cómpre sinalar que Medio Rural destina uns 300.000 euros aos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para financiar parte das tarefas de retirada e eliminación de niños de velutina.



Por outra banda, engadir que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda participa no proxecto 'Interreg Atlantic Area: Atlantic POSitiVE (Vespa velutina)', que ten como obxectivo principal contribuír á preservación dos servizos de polinización a través do desenvolvemento de métodos conxuntos para o control desta especie. A execución deste proxecto esténdese ata o ano 2021.

O enfoque transnacional é un aspecto chave fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Este proxecto promove a colaboración entre organizacións académicas, administrativas, produtivas e sociais incluíndo a cooperación cos xerentes das áreas naturais e o sector apícola, como principais implicados no deseño e implementación das ferramentas que se xeren no proxecto.

Ademais, o Goberno galego conta cun protocolo específico de vixilancia e control fronte á avespa asiática no que colaboran departamentos da administración autonómica e local, así como representantes do sector apícola. E no que tamén intervén a cidadanía en xeral no ámbito da detección de individuos ou de niños desta vespa.

Así mesmo, no marco do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e as universidades de Vigo e Santiago de Compostela tense avanzado no estudo do comportamento, hábitat e impacto nos ecosistemas de vespa velutina".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:51:42
Nº Rexistro: 54293
Data envío: 28/08/2019 10:51:42.576

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:51:38

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número **46597**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo, dona Flora María Miranda Pena e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a avaliación que fai o Goberno galego da demora que presenta a dragaxe da ría do Burgo, na provincia da Coruña, o seu impacto na contorna natural e na economía da comarca e o prazo previsto para a adopción das medidas necesarias para a recuperar e rexenerar”**, (publicada no BOPG número 437, do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 15 de xaneiro celebrouse unha xuntanza na que participaron o secretario de Estado de Medio Ambiente; a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade; e a conselleira do Mar; xunto cos alcaldes da Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros.

Nesa xuntanza a Xunta solicitoulle ao Ministerio para a Transición Ecolóxica que se destinen ao dragado da ría do Burgo parte dos fondos europeos doutros proxectos do Estado en Galicia que resultaban inexecutables nos prazos estipulados, ante a necesidade de que eses fondos europeos queden e sexan investidos na Comunidade. Con todo, e despois do compromiso adquirido polo Goberno do Estado no mes de xaneiro, non se ten constancia de que o Goberno de España teña realizado as xestións comprometidas ante a Unión Europea.

Cómpre lembrar que a Xunta xa ten acometido as actuacións que son da súa responsabilidade: no mes de novembro o Goberno galego completou o saneamento da ría do Burgo, coa posta en marcha das últimas actuacións encamiñadas a acadar unha adecuada xestión de todo o ciclo da auga. O Goberno galego fixo un enorme esforzo orzamentario, destinando arredor de 100 millóns de euros a mellorar o saneamento local e a calidade das augas da ría, da man dos concellos.



É o Goberno do Estado quen ten a responsabilidade de completar a rexeneración ambiental da ría do Burgo, avanzar no eido das súas competencias e abordar a dragaxe ambiental da ría, de competencia exclusivamente estatal, ao formar parte do Dominio Público Marítimo Terrestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 11:02:43
Nº Rexistro: 54368
Data envío: 28/08/2019 11:02:43.951

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 11:02:40

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 48010**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, dona María de la Concepción Burgo López e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a actuación levada a cabo pola Corporación de RTVG en relación coas reiteradas solicitudes de xuntanza realizadas pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia para propoñer cambios e melloras na retransmisión da gala de entrega dos Premios de Teatro María Casares, así como as medidas previstas para a súa retransmisión na primeira canle da TVG nun horario axeitado no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 450, do 27 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi respostada como PRE co número 48011, e enviada anteriormente.

E tamén xa foi respostada oralmente polo director xeral da CRTVG ao grupo parlamentar do BNG na Comisión de Control á CRTVG do pasado 29 de marzo, co número 47743.

A resposta pode consultarse en:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-permanente-non-lexislativa-control-corporacion-rtvg-2019-03-29?part=f8955e59-d573-4422-bff2-06e8e27eea4f&start=7764>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 10:56:12
Nº Rexistro: 54319
Data envío: 28/08/2019 10:56:12.560

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2019 10:56:08

CSV: BOPGDSPGUcZs1GgGN1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

